



BASES DAS ACTIVIDADES MULTIDEPORTE VERÁN 2022

1. **ACTIVIDADES MULTIDEPORTE VERÁN 2022** é unha proposta do Concello de Pontecesures que pretende reactivar as actividades físico-deportivas na poboación escolar/infantil de Pontecesures. Ao mesmo tempo tamén é unha medida máis para permitir ás familias compaxinar a vida familiar e laboral.

2. **MULTIDEPORTE VERÁN 2022** vai dirixido a nenas e nenos con idades comprendidas entre 9 e 14 anos (nad@s entre os **anos 2008 e 2013**).

3. O **SERVIZO** desenvolverase entre o **1 e o 12 de agosto de 2022 (2 semanas de luns a venres)** no Pavillón Polideportivo Municipal e no Campo de Fútbol Municipal Ramón Diéguez.

4. **PODERÁN UTILIZAR O SERVIZO** as nenas e nenos empadroados ou non no Concello de Pontecesures. As prazas ocuparanse por rigoroso orden de inscrición. **TERÁN PREFERENCIA PARA UTILIZAR O SERVIZO** as unidades familiares con nenos e nenas empadroados no Concello de Pontecesures.

En caso de quedar prazas vacantes, poderán participar nenos e nenas doutros concellos.

A falta non xustificada á actividade por 3 días dará lugar á perda da praza asignada, sendo cuberta co/ca participante que corresponda segundo a orde de inscrición.

5. O **HORARIO DO SERVIZO** será de 10:00 a 14:00 horas.

6. O **NÚMERO DE PRAZAS** que se oferta é de 30 prazas que serán divididas en 2 grupos de 15 por rangos de idade.

7. **FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE.**

A petición de admisión no servizo realizarase cubrindo a **ficha de inscrición** que se pode descargar na web municipal no seguinte link:
<http://pontecesures.org/vernoticia.asp?id=1727>

Unha vez cumprimentada, achegarse ás oficinas do Concello de Pontecesures sito na Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tfno. 986 55 71 25 en horario de 09:00 a 14:00h. ou a través da sede electrónica do concello <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>

8. **PRAZO DE INSCRICIÓN.** Dende o **5 ata o 22 de xullo.**

